



## **IV TROFEO + DEPORTE LA REGIÓN DE ATLETISMO EN PISTA CUBERTA**

### **REGULAMENTO**

#### **Artigo 1. ORGANIZACIÓN**

Asociación Deportiva Atlética do Sil, Asociación Deportiva Limiactiva, Club Deportivo Aurum, Club Ourense Atletismo e a Escola de Atletismo Ben Cho Shey, coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organizan o IV Trofeo + Deporte La Región de Atletismo en Pista Cuberta, que se celebrará o mércores, 4 de xaneiro de 2023 ás 17:00 h. na Pista de Atletismo Cuberta de Ourense.

#### **Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO PROVISIONAL**

Ver ANEXO I

Lonxitude – Peso: 3 intentos.

Probas S8 de promoción, non se tomarán marcas, nin haberá clasificación.

Gran Prix (Xogando ao Atletismo): carreira de relevos con obstáculos e habilidades en competición directa dos equipos dos clubs organizadores. Os equipos deberán estar compostos por 2 homes e 2 mulleres, dando cada un deles media volta ao circuíto preparado para esta proba.

Coa relación de atletas admitidos/as publicárase o horario definitivo.

#### **Artigo 3. PARTICIPANTES**

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

#### **Artigo 4. INSCRICIÓN**

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do venres, 30 de decembro de 2022. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Custe da inscrición: 4€/atleta (agás clubs organizadores).

Naquelas probas onde se supere o número máximo de participantes, terán garantida a súa inscrición os/as atletas pertencentes aos clubs organizadores.





Se os clubs organizadores superaran o número máximo de participantes nunha ou varias probas, admitiranse os/as atletas que acrediten mellor marca, garantindo que todos os clubs organizadores podan ter representación de 2 atletas independentemente da súa marca.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase a relación de atletas admitidos/as.

#### **Artigo 5. RECOLLIDA DE DORSAIS**

Os/as Delegados/as de cada club recollerán os dorsais na Secretaría de Competición.

#### **Artigo 6. CÁMARA DE CHAMADAS**

Todos/as os/as participantes deberán pasar por Cámara de Chamadas.

O horario de cámara de chamadas será publicado o martes, 3 de xaneiro de 2023 na web atletismo.gal

#### **Artigo 7. NORMATIVA**

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.